

Ortigueira



O equipo do BNG de Ortigueira

Promesas incumpridas e abandono diante dos problemas, balance dun ano de mandato de PP e XA

O novo cogoberno de Ortigueira solicitou **100** días para mostrar cambios na xestión municipal. O BNG ofreceulle **6 meses**, mais insistiron en que pronto veríamos melloras significativas. Porén, despois deses 6 meses, comezaron a pedir **un ano**. E aquí estamos, a veciñanza agardando por eses grandes cambios prometidos que non se albiscan no horizonte.

O balance deste primeiro ano de cogoberno, a pesar de cambiar as cores políticas, pódese resumir nunha palabra: **continuismo**.

Non resulta sorprendente que aqueles que viñan co lema "Ortigueira, fagámola revivir" sexan os mesmos que antes dicían "vamos a levantar Ortigueira" e que a afundiron de tal xeito que, bastantes anos despois, Ortigueira segue sen levantar cabeza.

Un goberno de coalición incapaz de cumprir algunha das súas promesas electorais á veciñanza. Exemplos claros son a **Sala de Raios X**, prometida para marzo de 2024 ou a **pista de Pádel cuberta** na Preguiza, bautizada por eles mesmos como "caramelo electoral", hoxe envelenado.

A veciñanza pregunta tamén pola prometida **zona de autocaravanas** en Loiba, sen previsión algunha para a súa realización neste mandato.

Os **orxamentos continúan** prorrogados desde 2022 e a prometida **auditoría externa** nunca se materializou. Parafraseando o actual goberno cando criticaba ao anterior, os datos deste comezo de mandato son **DEMOLEDORES**.

O alcalde continúa á fronte dun navío á deriva que descoñece o estado do concello, nada saben da situación das pistas, centros sociais ou saneamento das parroquias, responden sempre cun '**descoñecíamos ese problema**'. Un ano perdido para xestionar os problemas da xente e para cumprir as súas promesas electorais. PP e XA están máis preocupados en uentar as cadeiras de brazos que en resolver os problemas de Ortigueira.

En resumo, os que hoxe gobernan baixo o lema "Ortigueira, fagámola revivir" son os mesmos que antes prometían "levantar Ortigueira". Todos e todas lembramos como acabou esa etapa: unha Ortigueira afundida en débedas e devastada. A xente teme que, de seguir así, máis que revivila, acabarán matándoa.

A cultura e a lingua tampouco saíron ben paradas neste ano

Ortigueira ten un alcalde que non move un dedo para dar impulso á nosa lingua e a cultura galega. Un alcalde sometido á política do PP e a grupos que intentan degradar o uso normal do noso idioma. O alcalde **non se moveu para solicitar a subvención da Deputación da Coruña** para crear a praza dunha persoa responsábel para a Normalización e Dinamización da Lingua Galega, unha **praza que estaría subvencionada até un 80%** pola Deputación. Isto **tería permitido optar a outras axudas** da Xunta de Galiza, alén de fomentar unha reflexión sobre a situación do noso idioma e a redacción de documentos oficiais.

Por outro lado, o alcalde e o seu grupo de goberno promove as actividades en castelán, deixando o noso idioma para cantar nos seráns ou contar contos ao redor do lume. Mesmo o Teatro da Beneficencia parece queestá condenado cun cartel da Alcaldía que di 'aquí non se fale galego'.

A desfeita económica da coalición PP-XA

1,6 millóns de euros gastados sen control en cinco meses, deixando sen atender os problemas da veciñanza de Ortigueira

O goberno **PP-XA de Ortigueira** leva un ano sen presentar un orzamento, operando co prorrogado de 2022, cualificado como nefasto por eles mesmos. Ortigueira dispoñía de máis de 3 millóns de euros fai cinco meses e hoxe ten a metade, mais non por ser investidos en resolver os problemas da veciñanza senón gastados sen control.

Mentres, a veciñanza observa como **as festas e eventos proliferan sen control**. Débense cartos en servizos básicos, pero seguen gastando en cromo: as festas e saír nas fotos, aínda que sexa tapando organizadores ou persoas premiadas.


En maio, **o BNG dixo basta** ás continuas modificacións de crédito e recoñecementos extraxudiciais de crédito. que se producen por carecer dun orzamento municipal e polo descontrol no gasto. Unha desorganización absoluta na xestión económica e unha incapacidade alarmante.

Se por algo destaca a **programación cultural** organizada polo goberno local é por **non existir**. Hai que agradecer os actos que **as asociacións locais organizan e que permiten a esperanza**. Esta situación reflicte unha falta de compromiso coa nosa lingua e cultura, unha cuestión fundamental para a identidade galega. É imperativo que se tomen medidas concretas para garantir a presenza e o uso do galego en todas as esferas da vida pública e cultural. O futuro da nosa lingua depende das decisións que se tomen hoxe. Por iso, desde o BNG, non podemos máis que lamentar esta oportunidade perdida e reafirmar o noso compromiso coa defensa do galego e a promoción da cultura galega en todas as súas formas.

Seguiremos loitando por unha Ortigueira e unha Galiza que respecten e valoren o seu patrimonio lingüístico e cultural.

A **carencia dunha xestión económica eficaz** que **prexudica á veciñanza** e ás persoas provedoras do Concello, e que asisten a contratacións irregulares, expedientes de gasto sen control da corporación e á ausencia dun orzamento municipal.

Este ano de xestión económica do alcalde Calvin e do goberno de coalición PP-XA é un espectáculo de circo financeiro. **Sen accións correctoras inmediatas, Ortigueira corre o risco de afundirse economicamente**. Esta traxicomedia que están a protagonizar non só afecta as contas municipais, senón o futuro de toda a veciñanza e de volver a unha intervención económica á que xa nos levou o último goberno do PP.



O BNG con propostas e iniciativas neste primeiro ano de mandato municipal

Estamos nun tempo de estancamento, dificultades para pagar e atender ás necesidades da nosa veciñanza en áreas clave, como turismo, traballo, economía ou infraestruturas. Con todo, é importante destacar o traballo desenvolto polo BNG neste primeiro ano.

Nada máis comezar o mandato municipal, presentamos unha **Declaración Institucional** contra os Polígonos Eólicos Barqueiro, Badulaque e Penas Longas, apoiada por unanimidade. Tamén solicitamos unha **reunión urxente para tratar o parasito de couza** no CEIP José María Lage, un problema ignorado polo goberno anterior que agora estamos a resolver.

Neste ano lanzamos dúas campañas. A primeira polo **Transporte Público e Digno no Ortegal**, recollendo sinaturas en liña e presentando mocións en Cariño e Ortigueira, que foron aprobadas a pesar da abstención do PP de Ortigueira dándolle as costas ás queixas e problemas da xente no transporte. E outra, a favor do **Comercio Local** repartindo cartaces para concienciar sobre a súa importancia para fixar poboación e dinamizar a economía e emprego local.

Recentemente, conseguimos aprobar mocións para establecer as bases das **axudas escolares para o curso 2024-2025** e **eximir o pago de cota** polo uso de terreo público a **Portos de Galiza**, ambas aprobadas por unanimidade.

Presentáronse tamén **mocións** a nivel nacional, como a da **CIG** (Stop precariedade - Traballo Digno!) ou a do **rexuntamento da macrocelulosa de ALTRI**, que reflicten o noso compromiso cos intereses da veciñanza e que só foi apoiada polo BNG.

Ademais, mantemos unha activa **presenza en redes sociais**, solicitamos o **mantemento e conservación** de beirarrúas, pistas, sendeiros e paneis informativos, **encontros veciñais** e **charlas** sobre as problemáticas locais, como as verteduras nos ríos ou impacto dos PE Barqueiro e Badulaque.



Marco Schaal, concelleiro do BNG

O BNG solicitará a construción dunha beirarrúa até a Residencia de Maiores

O BNG rexistra unha moción para solicitarlle ao goberno local e á Deputación actuar na vía que vai até a Residencia de Maiores e Centro de Día

O BNG de Ortigueira solicita a construción dunha beirarrúa que facilite o acceso ao Centro de Día e ao Centro Residencial de Maiores desde a Praza do profesor D. Ovidio Fontela Rubiños até Miñano.


Esta medida ten como obxectivo principal mellorar a seguridade das persoas, dado que a ausencia dunha beirarrúa representa un risco significativo para as persoas, especialmente residentes, traballadoras e as familias que necesitan desprazarse ao Centro de Día e á Residencia de Maiores. Actualmente, só contamos cun sendeiro en mal estado; con numerosos obstáculos (colectores, fochancas,...) e sen un mantemento regular para transitar por el sen problema (falta de rozas).

A construción desta beirarrúa non só aumentaría a seguridade, senón que tamén facilitaría o acceso das persoas usuarias a servizos esenciais como

consultorios médicos, farmacias e comercios locais, promovendo así un estilo de vida máis activo e saudábel.

Ademais, esta infraestrutura mellorará a conectividade peonil na localidade, permitindo que a veciñanza de Miñano se mova de maneira segura e eficiente desde as súas casas ao centro urbano de Santa Marta.

En definitiva, a construción desta beirarrúa mellorará significativamente a seguridade peonil e a calidade de vida das persoas residentes, das súas familias e traballadoras. Esta moción presenta un proxecto que reflicte o compromiso que temos desde o BNG co benestar e o desenvolvemento sustentábel do noso concello.



Ampliación da beirarrúa até o núcleo de Miñano

Entrevista coa portavoz nacional do BNG, Ana Pontón:

O BNG é a forza política que defende os intereses de Galiza. Todos os días, nos Parlamentos, nos concellos e na rúa'



Pasaron as eleccións Galegas de febreiro e as Europeas de xuño. Dous éxitos do BNG?

Pois si. En realidade rematou todo un ciclo electoral, de Municipais, Xerais, Galegas e Europeas, que tivemos nos últimos doce meses. E foi un éxito polo medre enorme do BNG, mais sobre todo porque a sociedade galega xa cambiou en moitos sentidos. Aínda non se manifestou no cambio de goberno da Xunta, é certo, mais moitas cousas que logramos xa non van ter volta atrás. Hai un proceso de cambio social, que vai máis alá do electoral, que é imparábel: unha Galiza viva, orgullosa, mobilizada, creativa, sen complexos. E vai ir a máis.

A mensaxe do BNG nestes meses foi moi inclusiva, dirixíndose a todas as persoas que queren ese cambio a mellor, votasen o que votasen outras veces.

Si, porque así o pensamos. Hai moitas formas de sentirse galego ou galega e todas son necesarias para construír a Galiza mellor que queremos. A política non consiste en reafirmarse nas ideas propias, senón en lograr que moitas persoas que non pensan coma nós perciban que o horizonte que nós propoñemos ofrece unha vida e un país -ou concello, no caso das municipais- mellor para a inmensa maioría.

O PP fixo campañas moi agresivas contra o BNG, falando de temas alleos a Galiza.

Cada día lles molestamos máis, porque estamos poñendo enriba da mesa o que máis lles preocupa: que o PP non traballa en favor de Galiza, senón en favor dos seus intereses. Ence en Pontevedra, Altri en Palas de Rei, a eucaliptización masiva, a invasión eólica... son mostras da política dun PP que favorece o espolio dos recursos galegos para darllos regalados ás grandes empresas amigas. Nós defendemos o contrario: poñer a riqueza e os recursos galegos ao servizo de crear aquí emprego e desenvolvemento.

Como vai ser a actividade do BNG nos vindeiros meses?

Nós somos unha forza política que traballa todos os días, nos Parlamentos, nos concellos, na rúa, nas demandas da nosa sociedade. Imos estar ao lado da nosa xente, coma sempre estivemos, e ao tempo reforzar o noso proxecto para ser aínda máis fortes como forza política. O BNG naceu para ser a forza política hexemónica do noso país. Queremos gobernar para transformar, para poñer en marcha unha Galiza viva, forte, xusta e con futuro. E nesa proposta de país que facemos caben as aspiracións e os desexos dunha inmensa maioría.

www.ortigueira.bng.gal

[f BNG.ortigueira](https://www.facebook.com/BNG.ortigueira)

[@bng_ortigueira](https://www.instagram.com/@bng_ortigueira)

t.me/informacionBNGortigueira

<https://whatsapp.com/channel/0029Vai0tXBI1rcrvLQriH03>